

## **A N U N C I O**

Esta Alcaldía, con data do día 23 de decembro de 2011, ditou a Resolución que se transcribe a continuación:

“Esta Alcaldía fixouse como un dos obxectivos prioritarios a conseguir durante a presente lexislatura, a posta en marcha e posterior impulso da administración electrónica para incrementar a eficacia na actuación administrativa, non obstante, e ata que se conte cos medios económicos e materiais para iso, por esta Alcaldía preténdese ir dando pequenos pasos que permitan ir avanzando na simplificación e eficacia que debe perseguirse na actuación administrativa.

Un dos trámites que esta Alcaldía pretende axilizar é a expedición e entrega ao interesado dos certificados de empadramento, entrega que a día de hoxe tarda unha media de 3 a 4 días dende que se formula a solicitude e que, a xuízo desta Alcaldía, podería efectuarse no mesmo momento, no suposto de que se utilizaran as sinaturas escaneadas da secretaria ou funcionaria que legalmente a substitúa, e do alcalde ou concelleiro delegado.

Visto o informe de data 30 de novembro de 2011 emitido pola secretaria respecto da utilización de sinaturas escaneadas nos certificados de empadramento, onde se conclúe que o certificado de empadramento poderá ser entregado ao momento ao interesado, coa consideración de documento público e fehaciente para todos os efectos administrativos, respecto dos datos contidos no Padrón de Habitantes, segundo establece o artigo 16 da Lei/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cando se poida aplicar a xestión electrónica do procedemento de expedición do dito documento, que permitirá o rexistro de entrada da solicitude, a expedición do certificado mediante as correspondentes sinaturas electrónicas, e o rexistro de saída do dito documento, todo iso segundo a regulación contida na propia Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Tendo en conta que a posta en marcha da administración electrónica esixe contar con medios económicos, técnicos, a correspondente tramitación administrativa de conformidade co establecido na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e demais normativa de aplicación, así como a correspondente adecuación dos hábitos de traballo, proceso que vai a ser lento.

Considerando que a utilización da sinatura escaneada supón un paso cara á administración electrónica en tanto en canto non se incorpore a sinatura electrónica do persoal ao servizo do Concello de Cambre e, tendo en conta que a utilización da sinatura escaneada nos certificados do Padrón de Habitantes supón, sen dúbida ningunha, unha axilización do procedemento actual de entrega ao interesado, cumprindo co principio de eficacia que proclama o artigo 103 da Constitución Española.

Considerando que é necesario garantir os requisitos de autenticidade dos documentos que expide a administración de acordo co disposto nos artigos 13, 29 e 33 da Lei de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, que dispón que as administracións poderán utilizar como sistema para a súa

identificación electrónica e para a autenticación dos documentos electrónicos que produzan, sistemas de sinatura electrónica avanzada así como outros sistemas de sinatura electrónica que permitan a identificación do asinante, cos requisitos que se establezan.

Considerando que o artigo 3 da Lei 57/2003 de 19 de decembro de sinatura electrónica, define esta como “o conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante”, distinguindo este tipo de sinatura da sinatura electrónica avanzada, e da sinatura electrónica recoñecida.

Considerando o disposto no artigo 45.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, que sinala “os documentos emitidos, calquera que sexa o seu soporte, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos polas administracións públicas, ou os que estas emitan como copias de orixinais almacenados por estes mesmos medios, gozarán da validez e eficacia de documento orixinal sempre que quede garantizada a súa autenticidade, integridade e conservación e, no seu caso, a recepción polo interesado, así como o cumprimento das garantías e requisitos establecidos por esta e outras leis.”

Considerando que a sinatura electrónica escaneada identifica ao asinante, pero non a integridade nin o repudio, polo que require para a súa correcta utilización a adopción dunha serie de cautelas que garanten o exercicio adecuado da competencia e o control por parte do asinante, o que se pode acadar coa utilización dunha sinatura manuscrita do responsable da emisión do documento en virtude das competencias que teña atribuídas, logo da autorización do asinante e do órgano competente para a súa aprobación.

Tendo en conta que o terceiro tenente de alcalde don Felipe Andreu Barallobre, que obtema a delegación da sinatura dos certificados que se expidan respecto dos datos contidos no Padrón Municipal de Habitantes, autorizou a utilización da súa sinatura escaneada nos citados certificados.

Tendo en conta que tanto a secretaria xeral do concello como as funcionarias que legalmente a substitúen autorizaron a utilización da súa sinatura escaneada nos citados certificados.

En uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1.a) e d) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Primeiro: Autorizar a utilización da sinatura escaneada nos certificados que se expidan respecto dos datos contidos no Padrón Municipal de Habitantes e que, de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, teñen carácter de documento público e fehaciente para todos os efectos administrativos, respecto dos cargos públicos e das funcionarias que a continuación se relacionan:

- sinatura escaneada do alcalde don Manuel Rivas Caridad e do terceiro tenente de alcalde don Felipe Andreu Barallobre.
- sinatura escaneada da secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia e das funcionarias que legalmente a substitúen dona Maria Fernanda Montero Carré e dona Verónica Maria Otero López.

Segundo: O certificado así expedido, deberá ir rubricado na súa marxe esquerda polo/a funcionario/a

do Rexistro que imprima o documento, mediante sinatura manuscrita, constando o nome e apelidos no suposto de que esta sexa ilexible, así como unha dilixencia facendo constar que o dito certificado foi asinado coas sinaturas escaneadas, segundo o seguinte modelo:

“O presente certificado foi asinado con sinaturas escaneadas, autorizadas por Resolución de Alcaldía núm. \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_, e publicada no BOP núm. \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_.”

Terceiro: Polo responsable informático municipal e pola empresa que ten contratado o mantemento dos programas informáticos, tomaranse as medidas oportunas e as cautelas necesarias para que non poidan se utilizar as ditas sinaturas escaneadas para outras finalidades que non sexan as expresamente autorizadas, nin por outro persoal que non sexan os/as auxiliares administrativos/as do Rexistro.

Cuarto: Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincia, web municipal e notificar aos/ás interesados/as e ao departamento de Rexistro Xeral.”

Cambre, 26 de decembro de 2011

O alcalde

Manuel Rivas Caridad